



PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2021

**ANTÓN RIVEIRO COELLO
OS ELEFANTES EN COMPOSTELA**



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aelg.gal



Deputación
DA CORUÑA

Os elefantes en Compostela

Antón Riveiro Coello



Compostela ten unha presenza fundamental na novela *Os elefantes de Sokúrov*. Abeirados a ela e ao aspecto referencial realizamos un itinerario físico. No texto hai unha visión entusiasmada e sensorial de Santiago, pero tamén hai un interese pola ollada de fóra, desa cidade que está nos mapas da emoción, nese amor que o mundo ten por esta cidade, que a ve como algo espiritual que está máis alá da arte e da relixión, coma unha cidade que insinúa o final do camiño, si, pero, sobre todo, que convida á reflexión, á transcendencia, a unha experiencia mística, metafísica, a un desexo de lermos o noso destino na súa paisaxe de pedra.

O máis curioso é que Compostela, malia a consistencia da pedra que lle dá unha permanencia e intemporalidade, erixiuse sobre unha lenda, é dicir, ao redor dun invento ou dunha mentira. Hai cidades polas que pasa a Historia e outras nas que queda para sempre. Compostela é unha delas. Os séculos amoréanse na pedra, superpóñense, convértena nun museo aberto, nun arquivo de pedra que, constantemente, está a chamar por outras épocas. Ao carón desa visión da cidade, representada polo propio García Lorca, que soubo ver a chuvia, non coma unha realidade sucia, senón coma un asombro artístico (na novela a chuvia parece instalada no propio desexo da cidade), tamén está unha ollada interior, de quen, como Janis, vive dentro en lugares menos coñecidos, pero importantes na xeografía mental de calquera compostelán. Por estes espazos de marxe é por onde se desenvolve parte do itinerario que organizamos para ir situando os principais escenarios d’*Os elefantes de Sokúrov*.

Comezamos, sen seguir o fío argumental da novela, por un dos panos de fondo máis fortes do texto como é a **Carballeira de San Lourenzo**, un fermoso recanto que ten nacemento nada máis encetar o



século XII e se abeira ao mosteiro de San Lourenzo de Trasouto, patrimonio artístico nacional e que, andando o tempo, virou nun pazo onde residiron os condes de Altamira. Por el pasaron personaxes ilustres coma o arcebispo Pedro Muñiz, o emperador Carlos V ou a raíña Fabiola de Bélxica.

Nunha das fontes, baixo a sombra xenerosa de carballos centenarios, poñemos nome aos espazos e lemos en voz alta textos alusivos da novela á Carballeira e mais á **rúa de San Lourenzo** pola que despois camiñaremos para ir recompoñendo a memoria de moitas das casas pertencentes ao barrio, unha delas, precisamente, onde Janis, a protagonista, se criou e onde transcorre parte da historia que se conta:

Con todo, a infancia envolve ese mundo cun manto afectivo e distorsionado, e todos os personaxes do pasado xorden na miña cabeza e os seus nomes resoan coma un eco afastado que se forma nos meus beizos: o Lema, o Cagallas, o Benigno, o Nécoras, dona Florina, a comadroa que nos trouxo a todos ao mundo, casada co xornalista Garabal, os tolos do

psiquiátrico que saían a pasear en ringleira pola carballeira e pasmaban cando nos vían alegres, xogando ou rubindo polos pontóns para superarmos os altos muros do pazo de Trasouto e podermos apañar as mazás do interior onde había un can, grande coma un cabalo, cunha cadea longa da que xa calculáramos a distancia. Mesmo o señor Cañete, aquel vello falanxista que andaba máis só ca un can e pasaba a meirande parte do día abrazado a unha botella de coñac nunha esquina do bar de Antonio o Cabezudo, adoitaba darme caramelos ao se cruzar comigo. Dunha vez, cando el abandonaba a barbaría de Xosé, interesouse polo prezo dunha entrada no Avenida e deume os cartos para ir ao cine coa condición de que despois lle contase a película.

...

Por fin entro na miña rúa e sinto como, detrás das portas, xorde o pasado no rostro serio do señor Cañete, que cambalea coma unha sombra amarga, e escoito no baixo do Chuvieiras o son da garlopa na madeira e o rumor do fútbol no bar do Cabezón, onde se gardan trofeos e mais a memoria do Sporting de San Lourenzo. Na casa de Rafael, o Orteguita, soa unha Singer con pasadas ferroviarias, e imaxínoo rodeado de mulleres que o acosan con murmurios libidinosos. Da tenda de Gina sae a noticia de que a raíña Fabiola de Bélxica volveu ao pazo de Trasouto para descansar e a señora Florina confirmallo ao seu marido para que mire de lle facer unha entrevista no xornal.

Empatando coa rúa de San Lourenzo está **Poza de Bar** xa no **barrio do Pombal**, agora convertido nun

lugar privilexiado da cidade, pero que no pasado tiña un aquel de barrio marxinal onde se situaba a prostitución compostelá. Trébol, Copas, Cruceiro do Gaio, Ramos... eran os nomes onde, para moitos, se concentraba o pecado da cidade. A época de gloria desta especie de barrio chino debeu de ser alá polos anos setenta, cando a feira de gando



que se celebraba na carballeira de Santa Susana deixaba caer clientes da cidade e das aldeas cara a ese mundo do sexo remunerado. O devalo do negocio veu primeiro coas drogas e a Sida, circunstancias que teñen importancia de seu na novela, sobre todo, na familia da protagonista, e despois coa levada da prostitución cara aos lugares de alterne ao pé das estradas. Na novela *O ventre do silencio*, Xosé Luís Méndez Ferrín retrata

con mestría o ambiente do barrio en tempos anteriores ao seu verdadeiro esplendor, case nos tempos de 1950, cando unhas cantas prostitutas do barrio se converteran en heroínas logo de entraren, arroutadas, nun autobús incendiado onde estaban os xogadores do Iberia Sporting. A súa actuación seica axudou a que a traxedia non sumase máis mortos que cinco.

Así, as portas escuras do Pombal suxiren a espida curiosidade do desexo, a suor antiga dos aldeáns tras o xúbilo austero dos seus encontros con portuguesas que substitúen as palabras con sorrisos finxidos, o cheiro do viño que dorme nos pipos do bar Diana mentres o vello de chapeu roído gasta a súa elocuencia e parte da súa paga en conquistar a Marlene, a muller que, malia ser de Muros, xura que naceu en París, e unha e outra vez lembra esa identidade mundana que inventou, unha biografía cargada de éxitos no cinema e nos máis importantes cabarés de Montmartre.

...

O noso fogar era unha casa fría e húmida en Compostela, no barrio de San Lourenzo, moi preto do Pombal, onde abundaba o tráfico da carne e as prostitutas eran parte fundamental da paisaxe. Ás veces volvo alí para espertar algúns dos recordos que se resisten a durmir no esquecemento. Apenas queda o bar Trebol e media ducia de mulleres que se debaten co alcol e a soidade. Adoito frecuentar o antigo estanco de Cabaliño, que agora é un pequeno e acolledor café chamado Tertulia. Cando sento na súa terraza, pecho os ollos e podo ver aínda o quiosco portátil de Rosa, que vendía prensa e esas galletas campurrianas de cucurucho que eu, sempre que tiña algo de cartos, mercaba. Moitas veces regalábamas Rafael Orteguita, o xastre veciño, que colleu sona no barrio cando lle tocou a quiniela e, no canto de o gastar todo para arranxar a súa casa que xa lle caía a cachos, decidiu converterse por un tempo en maraxá e pasou unha semana enteira na cama con seis mulleres, entre as que estaba, por suposto, Deolinda. Lembro que era inverno porque caera unha intensa nevada e morrera un home na rúa. Nela durmía eses días comigo, aínda que en ningún momento relacionei a súa presenza na casa coa ausencia da súa nai. Eu, na miña ignorancia, pensaba que aquel tráfico feminino na casa do señor Rafael tiña que ver co seu oficio de xastre. Só anos despois souben o motivo daquela orxía remunerada.

Dende **Poza de Bar** collemos á esquerda e baixamos por **Oblatas** cara á **Carme de Baixo** por onde pasa o río Sarela, para moitos o río dos Sapos, que nace ao abeiro do monte Pedroso e vai caneando o oeste da cidade até atopar o río Sar no lugar da Ponte Vella. Facemos unha parada na capela e na súa fonte antiga. Na contorna homenaxéanse as lavandeiras e repárase no protagonismo que o río ten tido para

Compostela. A importancia da auga, a existencia de muíños, lavadoiros, fontes, mesmo un acueduto, son as pegadas entre as que salienta aínda algún daqueles curtidoiros que tanto traballo tiveron dende mediados do século XIX até a metade do XX. No lugar lembramos a novela *La casa de la Troya*, de Alejandro Pérez Lugín e, sobre todo, a película que Rafael Gil fixo en 1959 onde se recollen escenas que nos amosan como era no pasado este recanto compostelán, que algúns mesmo chegaron a emparellalo cunha pequena Venecia só porque as casas pasan por riba do río.

A memoria empuxa e déixome levar cara ao Carme de Abaixo. Nesta costa, á altura da antiga fábrica de fundicións Franco, os nenos deste barrio improvisan un partido cos de San Lourenzo; e as nenas, alleas á rivalidade, xogamos na ponte de pedra que acolle o curso discreto do Sarela. Todo esvara no silencio coa suavidade dun soño e por riba dos muros cegos do Espiño ábrese as pólas exóticas do bosque e asoman as torres dese castelo modernista cargado de misterio e conectado na nosa imaxinación coas covas do monte Pío. Máis alá, aínda chegan os ecos dos nenos chapicando nas augas do río, ou a ovación do público celebrando un gol do Compostela en Santa Isabel.

Seguimos pola **corredoiro do Espiño**, sen lle perdermos a vista ao río, que tamén forneceu de pesca aos composteláns e onde a rapazada xogaba e mesmo se bañaba, como tamén se conta na novela, sobre todo, contra o final da mesma, cando un elefante fica varado no curso do río logo de escapar dun daqueles circos que, no pasado, se erguían ao abeiro de Santa Isabel.



A Constantino cústalle seguir o meu paso e adianto, veloz, a xente que se dirixe cara ao Sarela na parte baixa do barrio. Levo o corazón desbocado porque sei que estes animais, antes de morreren, buscan a auga. E, cando chego á parte do regato onde adoitabamos bañarnos no pasado, vexo a xente amoreada fronte ao leito. De aí, coma unha visión fantasmal, xorde

unha brétema que flota entre as árbores e pecha o horizonte. E malia que hoxe leva pouca auga, o elefante está varado en medio do seu curso, agoniando nun esplendor tráxico.

No **Espiño** facemos fincapé no pazo modernista de primeiros do século XX. Está rodeado por unha vizosa vexetación, que acubilla unha especial riqueza botánica e zoolóxica con camelias e carballos centenarios, amais de acivros, magnolios e as ruínas do pazo neogótico. E no **parque de Galeras**, abeirados ao río aínda podemos ver as pedras das lavandeiras que fregaban a roupa dos hospitais e á da aristocracia compostelá, que logo se estendía polos prados para o clareo e a seca nunha estrutura de madeira que xa non existe na actualidade. Xusto no remate do parque pódese ver a fonte de granito chamada do Ouro. Nela apañaban a auga os veciños do Pedroso e de Casas Novas.



Logo de cruzarmos o parque, a novela lévanos cara ao centro histórico da cidade e axiña embocamos por **Hortas** cara á praza do **Obradoiro**. Facemos o itinerario inverso ao que se fai na novela e lemos algún anaco de texto nesta rúa que ten algo de aldea e dese campo que quere coquetear coa cidade máis monumental, agasallándoa con ese silencio de montaña do que falaba Otero Pedrayo. A orixe medieval de Hortas ten que ver tamén coa construción da muralla de Santiago e coa porta da Trindade que está na rúa de Carretas, porta que abría o Camiño de Santiago cara a Fisterra, así como recibía a chegada dos produtos das hortas, polo que tamén se lle chamaba a Porta dos Carros.

Apuro o paso e cruzo a praza do Obradoiro. Sen me deter, baixo por Hortas en dirección ao Pombal. A choiva fai brillar a lousa e volve esplendoroso o revogue branco e escunchado das casas, que se derrama no chan coma unha enxurrada que

corre a se afundir na escuridade. Mais eu estou totalmente enchoupado e un pouco arrepentido por dar este rodeo.



Logo de cruzarmos o Obradoiro abeirados, pola **costa do Cristo**, ao Hostal dos Reis Católicos, antigo **Hospital Real**, subimos por **Acibechería** até chegarmos á **praza de Cervantes**. Xa non é a primeira vez que esta fermosa praza acolle personaxes das miñas novelas. De feito, hai algo de saudade por outros roteiros que se fixeron por mor d' *As rulas de Bakunin*, e que tamén nos trouxeron a este enclave tan especial que une a parte baixa e alta do núcleo histórico e que volve adquirir certo protagonismo n' *Os elefantes de Sokúrov*.



Optei por pechar o paraugas e subo ás alancadas pola Acibechería até a praza de Cervantes, onde sempre me asalta a sensación de que este espazo se pecha sobre si mesmo creando

unha impresión falsa porque nesta zona alta do centro histórico nacen rúas que van dar aos lugares máis significativos da cidade. Por un momento pecho os ollos e intento imaxinar como puido ser esta praza no século XII cando era coñecida coma o Foro e o pregoeiro lía os acordos municipais e as ordenanzas do arcebispo. Quizais sexa máis doado sospeitar o recendo do lévedo cando era praza do Pan ou o da froita e as hortalizas cando se converteu na praza do Campo e atraeu cara ás súas casas a burguesía máis acomodada. Vin fotos espléndidas de finais do XIX, probablemente cando o mercado xa se trasladara á praza de Abastos, e sobre elas o tempo operou dunha maneira artística. O vulgar e o cotián vírase extraordinario, e o forte acento medieval que se desprende das casas eleva a impresión sobre as fotos e faime pensar que estes soportais seguen a ser os mesmos que sostíñan aquelas vivendas. Pero non, o edificio que as substituíu ten máis de parisiense que de compostelán e devólveme á realidade.

Dentro da praza, xunto por fronte dos soportais que acollen grupos marxinais de indixentes e algún drogadicto, hai un lugar



central que é a cafetería **A Gramola**. Nela desenvólvense moitas das escenas da novela porque aí é o lugar en que Janis adoita tomar café, ler a prensa e escribir, amais de ser o punto exacto no que coñece a outra das personaxes. Ao redor deste espazo hai toda unha poética que a propia Janis describe no texto.

Gusto da estética desta cafetería, a fermosa talla das columnas, o mármore sobre a barra de madeira, os instrumentos pendurados, o mural colorista no que varios artistas pechan un labirinto cun cabalo de Troia e mais o lenzo dunha torre con porta medieval, as mesas redondas e apiñadas, a luz triste que a praza devolve en forma de melancolía e converte o local nun lugar solitario aínda nas horas nas que hai máis xente. É coma un anacronismo inserido no corazón da cidade.

Na **Pescadería Vella** celebrouse até o XIX o mercado ao aire libre no



que se vendía o peixe. Nela está case integrada a praza de **Santo Agostiño** coa súa igrexa barroca, datada no XVII e patrocinada polo conde de Altamira, coa Virxe da Cerca na fachada e cunha torre que non se chegou a rematar; a outra seica foi estragada por un raio no século XVIII. Avanzamos cara ao **mercado de Abastos**, un dos lugares máis visitados da cidade e un dos máis

importantes de España, non só polo seu interese arquitectónico senón tamén pola calidade dos produtos. Está situado nos antigos terreos do pazo dos condes de Altamira que estaban dedicados ás hortas. O mercado naceu no XIX e veu concentrar nun único punto toda a venda que se facía nas prazas da cidade: Praterías, Cervantes ou Acibechería, entre outras. Neste espazo facemos unha parada que recolle os últimos pasos que damos en compañía dun dos protagonistas da novela.

Cruzo a praza de Cervantes e, apegado á pequena capela e ao repenique anacrónico da súa campá, baixo polo Cantón de San Bieito e desemboco na praza da Pescadería Vella, onde aínda palpitan os ecos do campo e unha voz extraordinaria estoura nas fachadas coma algo sobrenatural. Baixo por Santo Agostiño e chego á praza de Abastos para enchouparme dos recendos e mais do ruído deste mercado popular que tamén é outro mapa humano da cidade e os seus arredores. A xente apura as últimas compras.

A paisaxe de froita ábrese coloreada diante dos meus ollos e aspiro este cheiro diverso e húmido. Na disposición dos alimentos e do peixe proxéctase a tentación, e tras os postos, voces altas e provocadoras parecen amplificadas na resonancia do edificio. A xente está indecisa e son moitos os que se laian de que os prezos non se adaptan á crise, pero, ao final, a tradición manda e uns e outros van sucumbindo aos luxos do marisco e do peixe.

Un pouco máis adiante, tras deixar a zona do mercado, reparamos na igrexa de San Fiz de Solovio, que seica foi un dos primeiros asentamentos que deron despois lugar a Compostela. Na fachada policromada hai unha escena da Epifanía cos Reis Magos e tamén cun personaxe barbado que representa ao conde de Altamira, mecenas que cedeu os terreos para a construción da igrexa.

Encarreirámonos cara á **porta Mazarela**, que serve de entrada á vía da Prata da cidade e é a única das sete portas da muralla que aínda está en pé. Por ela metían carros ateigados de pipos do Ribeiro para forneceren as tabernas compostelás. Nesta **praza de Mazarelos** tamén acontecen escenas de importancia na novela. Coñecida como a praza da Universidade, está situada no solar onde os Xesuítas tiñan pensado, antes de seren expulsados, construír un seminario. A igrexa da Universidade aínda é coñecida como a da Compañía.



Agardo por ela sentado xunto a unha das fiestras da cafetaría deste fermoso recuncho polo que pasaron tantas xeracións de universitarios. Na praza do Instituto, o branco sucio das fachadas contrasta coa pedra e as galerías luminosas que están desta banda. O escudo arcebispal, do que foi o antigo colexio xesuíta e hoxe Facultade de Filosofía, é excesivo e parece soste todo o edificio. Gusto do emparrado do corredor que coroa a porta Mazarela e o asombro do magnolio e os catro plátanos que xorden da pedra coma un milagre vexetal, ocultando parte da igrexa e do colexio. Que antigüidade terán? Seguro que son centenarios. Pregúntolle ao camareiro e confírmame o do magnolio, e dime que as outras catro árbores son palmeiros.

Compostela é unha cidade de cine e na novela a sétima arte ten unha consideración especial na referencia a Sokúrov e a escenarios que acollen encontros dos personaxes. Así, decidimos rematar o itinerario na fermosa **rúa do Vilar**, logo de baixar por **Orfas** e atallar pola calella de

Enterrúas até chegarmos á altura do **cine Yago** para lembrar aí as páxinas da novela que recollen unha das edicións de **Cineuropa**, un festival que foxe das consignas contemporáneas de transparencia e a rapidez e onde aínda se pode ver un cine humanístico, de profundidades, como o que realiza o artista ruso e que está no espírito de toda a novela.

Cadramos hai dous anos e, como eu tiña varias entradas para o festival Cineuropa, convideina e quedamos de noite para ver O lazo branco, de Michael Haneke, unha película gravemente fermosa e dura que pretende situar a orixe do nazismo nunha pequena aldea protestante do norte de Alemaña, pouco antes da primeira guerra mundial. O impacto deses seres desprezables que pululaban pola película deixáranos aparvadas no medio da sala, indiferentes ao paso lento dos créditos e ao fluxo de espectadores



que abandonaban o local, poida que asustados polo grao de dureza que significaba esa especie de determinismo moral ao que o director nos someteu durante dúas horas e media. Cando xa se prenderon as luces e practicamente non quedaba ninguén no cinema, as dúas mirámonos cunha intensidade que procedía

desa conmoción que nos achegaba, e non lembro quen foi a primeira en falar, mais o certo é que, de alí a pouco, estabamos na Flor analizando a película e repasando as nosas propias vidas.

Título: *Os elefantes en Compostela.*

Punto de partida: *Carballeira de San Lourenzo.*

Resumo: *OS ELEFANTES EN COMPOSTELA é un paseo por diversos espazos que son o pano de fondo da novela Os elefantes de Sokurov. Nunha orde inversa á liña argumental do texto, partimos do barrio de San Lourenzo, pasamos polo Pombal até chegarmos á praza de Cervantes onde comeza a historia duns personaxes que nos van amosando a súa visión entusiasmada e sensorial dunha cidade múltiple.*

Itinerario: *Carballeira de San Lourenzo, rúa San Lourenzo, rúa Poza de Bar, Pombal, Carme de Abaixo, Corredoira do Espiño, Río Sarela, Galeras, Hortas, Obradoiro, Praza de Cervantes, Café Gramola, Mercado de Abastos, Mazarelos e rúa do Vilar.*